

**FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO**

**AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR**

**CURSO ESCOLAR 2022/23**

Orden de 29 de abril de 2022 por la que se regula la participación en el fondo solidario de libros de texto y se convocan ayudas para adquirir libros de texto y material escolar destinadas al alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obligatoria y educación especial en centros docentes sostenidos con fondos públicos para el curso escolar 2022/23 (códigos de procedimiento ED330B, ED330G y ED330H).

**TIPOS DE AXUDAS E BENEFICIARIOS**

**1.-FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO:** pode solicitalo o alumnado que vaia cursar 3º e 4º de educación primaria (curso 2022-2023)

- Alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 6 LIBROS

- Alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 4 LIBROS

- Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%. 6 LIBROS, con independencia da renda.

**2.-AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO:** pode solicitalo o alumnado que vaia cursar 1º e 2º de educación primaria (curso 2022-2023)

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 210 €

- Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 140 €

- Alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: 275€ con independencia da renda.

- Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o importe da axuda será o maior correspondente ao ensino e curso en que estea matriculado, con independencia da renda.

**3.-AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR:**

- Todo o alumnado de primaria (curso 2022-2023)

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000€: 50 €

- Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: 50€, con independencia da renda.

**ALUMNADO E-DIXGAL**

O alumnado de 5º e 6º de primaria está excluído da participación no fondo de libros pola súa participación no proxecto E-DIXGAL, pero si **teñen dereito á axuda para adquirir material escolar.**

## RENDA PER CÁPITA FAMILIAR

1. Para os efectos desta orde, a **renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2020 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 %** ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

2. A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Cando se presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no **exercicio fiscal 2020, sumaranse** a base impositiva xeral (**recadro 435**) e a base impositiva do aforro (**recadro 460**); cando non se presentase, teranse

## PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

**PRAZO DE PRESENTACIÓN: ata o 22/06/22 inclusive. O impreso poderá descargarse na páxina web do centro ou ben solicitalo en secretaría**

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica no formulario normalizado (ED330B-anexos I e II) dispoñible na aplicación fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

OPCIONALMENTE, poderá presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para a presentación electrónica de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

## DOCUMENTACIÓN NECESARIA

Unha única solicitude para todo o alumnado do mesmo centro docente Na presentación telemática será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno/a,

a) Anexo II- Autorización dos membros da unidade familiar, distintos do solicitante. No caso da presentación pola Sede electrónica, este anexo unha vez cuberto deberá subirse a sede.

b) Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.

c) En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

d) Certificado do grao de discapacidade.

e) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

f) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

g) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

h) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou titor ou tutores carezan de DNI e NIE